

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

17987 *Lei orgánica 4/2018, do 28 de decembro, de reforma da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

A Lei orgánica 8/2012, do 27 de decembro, de medidas de eficiencia orzamentaria na Administración de xustiza, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, deu unha nova redacción, entre outros, aos artigos 371.3 e 373.4 da Lei orgánica do poder xudicial, relativos ao período de vacacións anuais e aos permisos por asuntos particulares, en consonancia cun momento particularmente delicado da situación económica nacional no cal, como sinalaba o propio preámbulo, resultaba imprescindible conseguir determinados obxectivos de eficiencia e contención do gasto público.

Aquela reforma ía en consonancia coas acometidas noutros ámbitos das administracións públicas, que se materializaron no Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

Na medida en que se foron superando as circunstancias extraordinarias polas cales se adoptaron as limitacións antes sinaladas, é posible restablecer as condicións que rexían antes da crise económica tanto no que se refire a xuíces e maxistrados como, por extensión, aos integrantes do Ministerio Fiscal, letrados da Administración de xustiza e persoal ao servizo da Administración de xustiza, en canto non fosen recuperados con anterioridade.

Desta forma, en relación coas vacacións anuais do artigo 371.1 dispónse a recuperación dos días adicionais por razón de antigüidade, así como a recuperación dos dezoito días de permiso por asuntos propios do artigo 373.4, coa consecuente derogación do número 8 do artigo 373.

En canto ao resto do persoal ao servizo da Administración de xustiza, procede restituír a situación previa á adopción das medidas derivadas da crise económica. Para iso recupérase a redacción do artigo 503.1, dada polo artigo único, número cento vinte e catro, da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Así mesmo, considérase necesario equiparar a regulación do permiso de paternidade, singularmente no relativo á súa duración, asumindo o mesmo período de desfrute de catro semanas que se estableceu con carácter xeral no Estatuto básico do empregado público e, doutro lado, adaptar as previsións da Lei orgánica do poder xudicial ao establecido na disposición adicional segunda da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, segundo o cal as referencias ao acollemento preadoptivo deben entenderse feitas á garda para a convivencia preadoptiva.

Por último, sería aconsellable que as melloras que no sucesivo se produzan nesta materia no ámbito das administracións públicas e que, en definitiva, afectan a conciliación da vida familiar e laboral, se trasladen de maneira inmediata ao ámbito da Administración de xustiza, en especial polo que se refire a xuíces, maxistrados e fiscais, a través do seu reflexo inmediato na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

Pola súa parte, esta lei orgánica tamén acolle aquelas reformas que se consideran adecuadas co fin de que o órgano plenario do Consello Xeral do Poder Xudicial encarne máis fielmente as funcións que o artigo 122 da Constitución lle encomenda a aquel Consello Xeral.

Así mesmo, incorpóranse ao Estatuto dos integrantes da carreira xudicial as reformas que veñen impostas por compromisos internacionais, en materia de transparencia e loita contra a corrupción, e sinaladamente as referentes ao réxime dos cargos de nomeamento discrecional.

Un último bloque introduce melloras na xestión da Administración de xustiza, mellorando a planificación e ordenación en materia de recursos humanos co fin de responder máis eficazmente as necesidades da propia Administración de xustiza.

Artigo único. *Modifícase a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, nos seguintes termos:*

Un. Modifícase o número 2 do artigo 98, que queda redactado da seguinte forma:

«2. O Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, con informe favorable do Ministerio de Xustiza, oída a Sala de Goberno e, de ser o caso, a comunidade autónoma con competencias en materia de xustiza, que un ou varios xulgados da mesma provincia e da mesma orde xurisdiccional, estean ou non no mesmo partido xudicial e logo de delimitación do ámbito de competencia territorial neste último caso, asuman o coñecemento de determinadas materias ou clases de asuntos e, de ser o caso, das execucións que deles dimanen, sen prexuízo dos labores de apoio que poidan prestar os servizos comúns constituídos ou que se constituán. Nestes casos, o órgano ou órganos especializados asumirán a competencia para coñecer de todos aqueles asuntos que sexan obxecto de tal especialización, mesmo cando o seu coñecemento inicial estea atribuído a órganos radicados en distinto partido xudicial. Non se poderá adoptar este acordo para atribuír aos órganos así especializados asuntos que por disposición legal estean atribuídos a outros de diferente clase. Tampouco poderán ser obxecto de especialización por esta vía os xulgados de instrución, sen prexuízo de calquera outra medida de exención de repartición ou de reforzo que sexa necesario adoptar por necesidades do servizo.»

Dous. Engádesse un ordinal 5.º ao número 2 do artigo 152, coa seguinte redacción:

«5.º Resolver as cuestións que poida suscitar o funcionamento das seccións previstas no artigo 437.2, sen prexuízo da facultade de uniformización que por vía regulamentaria poida exercer o Consello Xeral do Poder Xudicial, así como do control de legalidade que corresponda efectuar ao dito órgano.»

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 216 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Tamén se poderá acordar a adscrición en calidade de xuíces de apoio, por esta orde, aos xuíces en expectativa de destino conforme o artigo 308.2, aos xuíces que estean desenvolvendo prácticas conforme o artigo 307.2, aos xuíces de adscrición territorial a que se refire o artigo 347 bis e, excepcionalmente, a xuíces substitutos e maxistrados suplentes.»

Catro. Modifícase o artigo 230, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 230.

1. Os xulgados e tribunais e as fiscalías están obrigados a utilizar calquera medio técnico, electrónico, informático e telemático, posto á súa disposición para o desenvolvemento da súa actividade e exercicio das súas funcións, coas limitacións que para a utilización de tales medios establecen o capítulo I bis deste título e a normativa orgánica de protección de datos persoais.

As instrucións xerais ou singulares de uso das novas tecnoloxías que o Consello Xeral do Poder Xudicial ou a Fiscalía Xeral do Estado dirixan aos xuíces e maxistrados ou aos fiscais, respectivamente, determinando a súa utilización, serán de obrigado cumprimento.

2. Os documentos emitidos polos medios anteriores, calquera que sexa o seu soporte, gozarán da validez e eficacia dun documento orixinal sempre que quede garantida a súa autenticidade e integridade e o cumprimento dos requisitos exixidos polas leis procesuais.

3. As actuacións orais e vistas gravadas e documentadas en soporte dixital non se poderán transcribir, salvo nos casos expresamente previstos na lei.

4. Os procesos que se tramiten con soporte informático garantirán a identificación e o exercicio da función xurisdiccional por parte do órgano que a exerce, así como a confidencialidade, privacidade e seguridade dos datos de carácter persoal que conteñan, nos termos que estableza a lei.

5. As persoas que demanden a tutela xudicial dos seus dereitos e intereses relacionaranse obrigatoriamente coa Administración de xustiza, cando así se estableza nas normas procesuais, a través dos medios técnicos a que se refire o número 1 cando sexan compatibles cos que dispoñan os xulgados e tribunais e se respecten as garantías e os requisitos previstos no procedemento de que se trate.

6. Os sistemas informáticos que se utilicen na Administración de xustiza deberán ser compatibles entre si para facilitar a súa comunicación e integración, nos termos que determine o Comité Técnico Estatal da Administración de Xustiza Electrónica.

A definición e validación funcional dos programas e aplicacións efectuaaras o Comité Técnico Estatal da Administración de Xustiza Electrónica.»

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 236, que queda redactado da seguinte forma:

«1. A publicidade dos edictos realizarase a través do taboleiro de edictos xudicial único, na forma en que se dispoña regulamentariamente.»

Seis. Suprímese o artigo 246.

Sete. Modifícase o artigo 265, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 265.

En cada xulgado ou tribunal levarase, baixo a custodia do letrado da Administración de xustiza respectivo, un libro de sentenzas, no cal se incluírán asinadas todas as definitivas e autos de igual carácter, así como os votos particulares que se formularsen, que serán ordenados correlativamente segundo a súa data. Cando a tramitación dos procedementos se realice a través dun sistema de xestión procesual electrónico, este deberá xerar automaticamente, sen necesidade da intervención do letrado da Administración de xustiza, un ficheiro no cal se inclúan as sentenzas e os autos numerados pola orde en que foron asinados.»

Oito. Modifícase o artigo 271, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 271.

Os actos de comunicación efectuaranse por medios electrónicos cando os suxeitos intervinientes nun proceso estean obrigados ao emprego dos sistemas telemáticos ou electrónicos existentes na Administración de xustiza conforme o establecido nas leis procesuais e na forma que estas determinen.

Cando os suxeitos intervinientes nun proceso non estean obrigados ao emprego de medios electrónicos, ou cando a utilización destes non fose posible, os actos de comunicación poderanse efectuar por calquera outro medio que permita a constancia da súa práctica e das súas circunstancias esenciais, segundo determinen as leis procesuais.»

Nove. Modifícase o artigo 304, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 304.

1. O tribunal que avaliará as probas de ingreso nas carreiras xudicial e fiscal polas categorías de xuíz e de avogado fiscal, respectivamente, estará presidido por un maxistrado do Tribunal Supremo ou dun tribunal superior de xustiza ou un fiscal de sala ou fiscal do Tribunal Supremo ou dunha fiscalía dun Tribunal Superior de Xustiza, e serán vogais dous maxistrados, dous fiscais, un catedrático de universidade de disciplina xurídica en que consistan as probas de acceso, un avogado do Estado, un avogado con máis de dez anos de exercicio profesional e un letrado da Administración de xustiza da categoría primeira ou segunda, que actuará como secretario.

2. Os membros do tribunal a que se refire o punto anterior serán designados da seguinte maneira: o presidente, de forma conxunta polo presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial e polo fiscal xeral do Estado; os dous maxistrados, polo Consello Xeral do Poder Xudicial; os dous fiscais, polo fiscal xeral do Estado; o catedrático, por proposta do Consello de Universidades; o avogado do Estado e o letrado da Administración de xustiza, polo Ministerio de Xustiza, e o avogado, por proposta do Consello Xeral da Avogacía. O Consello de Universidades e o Consello Xeral da Avogacía elaborarán ternas, que remitirán á comisión de selección para que esta designe os respectivos integrantes do tribunal, salvo que existan causas que xustifiquen propoñer só unha ou dúas persoas.»

Dez. Modifícase o artigo 326, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 326.

1. O ascenso e a promoción profesional dos xuíces e maxistrados dentro da carreira xudicial estarán baseados nos principios de mérito e capacidade, así como na idoneidade e especialización para o exercicio das funcións xurisdicionais correspondentes aos diferentes destinos.

2. A provisión de destinos da carreira xudicial farase por concurso, na forma que determina esta lei, salvo os de presidentes das audiencias, tribunais superiores de xustiza e Audiencia Nacional, e presidentes de sala e maxistrados do Tribunal Supremo. A provisión de presidentes das audiencias, tribunais superiores de xustiza e Audiencia Nacional e presidentes de sala e maxistrados do Tribunal Supremo basearase nunha convocatoria aberta que se publicará no *Boletín Oficial del Estado*, cuxas bases, aprobadas polo Pleno, establecerán de forma clara e separada cada un dos méritos que se vaian ter en consideración, diferenciando as aptitudes de excelencia xurisdiccional das gobernativas, e os méritos comúns dos específicos para determinado posto. A convocatoria sinalará pormenorizadamente a ponderación de cada un dos méritos na valoración global do candidato. A comparecencia dos aspirantes para a explicación e defensa da súa proposta efectuarase en termos que garantan a igualdade e terá lugar en audiencia pública, salvo que, por motivos extraordinarios debidamente consignados e documentados na acta da sesión, deba quedar restrinxida ao resto dos candidatos á mesma praza. Toda proposta que se teña que elevar ao Pleno deberá estar motivada e consignar individualmente a ponderación de cada un dos méritos da convocatoria. En todo caso, formularase unha avaliación de conxunto dos méritos, capacidade e idoneidade do candidato. Así mesmo, a proposta conterá unha valoración da súa adecuación ao disposto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3. O Consello Xeral do Poder Xudicial, mediante acordo motivado, poderá non sacar temporalmente a concurso determinadas vacantes, sempre que estean adecuadamente atendidas mediante maxistrados suplentes ou xuíces substitutos, cando as necesidades da Administración de xustiza aconsellen dar preferencia a outras de maior dificultade ou carga de traballo.

4. Os presidentes das audiencias, tribunais superiores de xustiza e Audiencia Nacional e presidentes de sala e maxistrados do Tribunal Supremo están suxeitos ao deber de efectuar unha declaración de bens e dereitos e ao control e xestión de activos financeiros de que sexan titulares, nos termos previstos nos artigos 17 e 18 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, nas mesmas condicións que as establecidas para o presidente, os vogais e o secretario xeral do Consello Xeral do Poder Xudicial.»

Once. Modifícase o número 1 do artigo 333, que queda redactado da seguinte forma:

«1. As prazas de presidente de sala da Audiencia Nacional, así como as de presidente de sala dos tribunais superiores de xustiza, proveranse por un período de cinco anos renovable por un único mandato doutros cinco anos, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, entre maxistrados que prestasen dez anos de servizos nesta categoría e oito na orde xurisdiccional de que se trate. Non obstante, a Presidencia da Sala de Apelación da Audiencia Nacional proverase entre maxistrados con máis de quince anos de antigüidade na carreira que prestasen servizos, polo menos, durante dez anos na orde xurisdiccional penal, e entre eles preferiranse aqueles que teñan a condición de especialista. As de presidente de sección da Audiencia Nacional, tribunais superiores de xustiza e audiencias provinciais cubriranse por concurso, que se resolverá de conformidade coas regras establecidas no artigo 330.»

Doce. Modifícase o número 2 do artigo 335, que queda redactado da seguinte forma:

«2. A Presidencia da Audiencia Nacional proveraa o Consello Xeral do Poder Xudicial, por un período de cinco anos renovable por un único mandato doutros cinco anos, entre maxistrados con quince anos de servizos prestados na categoría, que reúnan as condicións idóneas para o cargo, nos termos previstos nesta lei para os presidentes dos tribunais superiores de xustiza.»

Trece. Modifícase o número 1 do artigo 336, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os presidentes dos tribunais superiores de xustiza nomearanse por un período de cinco anos renovable por un único mandato doutros cinco anos, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, entre maxistrados que prestasen dez anos de servizos na categoría, o solicitasen e leven, polo menos, quince anos pertencendo á carreira xudicial.»

Catorce. Modifícase o artigo 337, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 337.

Os presidentes das audiencias provinciais serán nomeados por un período de cinco anos renovable por un único mandato doutros cinco anos, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, entre os maxistrados que o soliciten, de entre os que leven dez anos de servizos na carreira.»

Quince. Modifícase o artigo 338, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 338.

Os presidentes da Audiencia Nacional, dos tribunais superiores de xustiza, das audiencias, de sala da Audiencia Nacional e de sala dos tribunais superiores de xustiza cesarán por algunha das causas seguintes:

- 1.º Por expiración do seu mandato, salvo que sexan confirmados por un único mandato doutros cinco anos.
- 2.º Por dimisión, aceptada polo Consello Xeral.
- 3.º Por resolución acordada en expediente disciplinario.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 347 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 347 bis.

1. En cada tribunal superior de xustiza, e para o ámbito territorial da provincia, crearanse as prazas de xuíces de adscrición territorial que determine a Lei de demarcación e de planta xudicial. As ditas prazas de xuíces de adscrición territorial non poderán ser obxecto de substitución.

2. Os xuíces de adscrición territorial exercerán as súas funcións xurisdiccionais nas prazas que se encontren vacantes ou naquelas prazas cuxo titular estea ausente por calquera circunstancia. Excepcionalmente, poderán ser chamados a realizar funcións de reforzo, nos termos establecidos no número 5. A designación para estas funcións corresponderalle ao presidente do tribunal superior de xustiza de que dependan, que posteriormente dará conta á respectiva sala de goberno. A sala de goberno do tribunal superior de xustiza informará o Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza da situación e dos destinos dos xuíces de adscrición territorial do seu respectivo territorio.

3. Nas comunidades autónomas pluriprovinciais, e cando as razóns do servizo o requiran, o presidente do Tribunal Superior de Xustiza poderá realizar chamamentos para órganos xudiciais doutra provincia pertencente ao ámbito territorial do dito tribunal.

4. Cando o xuíz de adscrición territorial desempeñe funcións de substitución, farao con plenitude de xurisdición no órgano correspondente. Tamén lle corresponderá asistir ás xuntas de xuíces e demais actos de representación do órgano xudicial en que substitúa, en ausencia do seu titular.

5. Excepcionalmente, os xuíces de adscrición territorial poderán realizar funcións de reforzo cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Cando todas as prazas do ámbito territorial do Tribunal Superior de Xustiza estean cubertas e, polo tanto, o xuíz de adscrición territorial non poida desempeñar funcións de substitución; o reforzo cesará automaticamente cando conorra calquera das situacións do número 2 e o xuíz de adscrición territorial deba ser chamado a substituír no dito órgano xudicial.

b) Logo de aprobación por parte do Ministerio de Xustiza, que se poderá opoñer por razóns de dispoñibilidade orzamentaria.

Neste caso, corresponderá á sala de goberno fixar os obxectivos do dito reforzo e a adecuada repartición de asuntos, logo de audiencia do xuíz de adscrición e do titular ou titulares do órgano xudicial reforzado, sen que a dotación do reforzo poida comportar, ademais, a asignación de medios materiais ou persoais distintos daqueles con que conte o xulgado a que se adscriba.

Cando estea realizando funcións de substitución, poderá ser chamado a reforzar simultaneamente outro órgano xudicial, conforme o procedemento ordinario establecido nos artigos 216 bis a 216 bis.4; o reforzo cesará automaticamente cando finalice a súa substitución.

6. Os desprazamentos do xuíz de adscrición territorial darán lugar ás indemnizacións que por razón do servizo se determinen regulamentariamente.

7. Nas comunidades autónomas en que exista máis dunha lingua oficial ou teñan dereito civil propio aplicaranse, para a provisión destas prazas, as previsións establecidas para tal efecto nesta lei.»

Dezasete. Engádese un número 3 ao artigo 350, coa seguinte redacción:

«3. Aos xuíces e maxistrados en comisión de servizo computáraselles o tempo que permanezan en tal situación para efectos de ascensos, antigüidade e dereitos pasivos. Terán dereito á reserva da praza que ocupen ao pasar a esa situación ou a que puideren obter durante a súa permanencia nela. Para ese efecto, o tempo de

permanencia en comisión terá a consideración de servizos prestados no destino reservado.»

Dezaioito. Modifícase o artigo 351, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 351.

Os xuíces e maxistrados serán declarados na situación de servizos especiais:

a) Cando sexan nomeados presidente do Tribunal Supremo, fiscal xeral do Estado, vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial, maxistrado do Tribunal Constitucional, defensor do Pobo ou os seus adxuntos, conselleiro do Tribunal de Contas, conselleiro de Estado, presidente ou vogal do Tribunal de Defensa da Competencia, director da Axencia de Protección de Datos ou membro de altos tribunais internacionais de xustiza, ou titulares ou membros dos órganos equivalentes das comunidades autónomas.

b) Cando sexan autorizados polo Consello Xeral do Poder Xudicial para realizaren unha misión internacional por un período determinado, superior a seis meses, en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional, logo de declaración de interese por parte do Ministerio de Asuntos Exteriores.

c) Cando adquiran a condición de funcionarios ao servizo de organizacións internacionais ou de carácter supranacional.

d) Cando sexan nomeados ou adscritos como letrados ao servizo do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do Tribunal Constitucional, do Consello Xeral do Poder Xudicial ou do Tribunal Supremo, ou maxistrados do Gabinete Técnico do Tribunal Supremo, ou ao servizo do Defensor do Pobo ou órgano equivalente das comunidades autónomas.

e) Cando presten servizo, en virtude de nomeamento mediante real decreto, ou mediante decreto nas comunidades autónomas, en cargos que non teñan rango superior a director xeral.

f) Cando sexan nomeados para cargo político ou de confianza en virtude de real decreto, decreto autonómico ou acordo de Pleno de entidade local, ou elixidos para cargos públicos representativos no Parlamento Europeo, Congreso dos Deputados, Senado, asembleas lexislativas das comunidades autónomas, xuntas xerais dos territorios históricos ou corporacións locais.

Neste caso, así como no suposto previsto na alínea f) do artigo 356, os xuíces e maxistrados, e os funcionarios doutros corpos, que reingresen na carreira correspondente deberanse abster de intervir e, de ser o caso, poderán ser recusados, en calquera asunto en que sexan parte partidos ou agrupacións políticas, ou aqueles dos seus integrantes que desempeñen ou desempeñasen cargo público.»

Dezanove. Modifícase o número 2 e engádese un número 3 ao artigo 354, nos seguintes termos:

«2. Aos xuíces e maxistrados en situación de servizos especiais computaráselles o tempo que permanezan en tal situación para efectos de ascensos, antigüidade e dereitos pasivos. Terán dereito á reserva da praza que ocupen ao pasar a esa situación ou a que puideren obter durante a súa permanencia nela e teránselles en conta os servizos prestados neles, para efectos de promoción e de provisión de prazas, como se fosen efectivamente prestados na orde xurisdiccional da praza que ocupen ao pasar a esa situación ou a que puideren obter durante a súa permanencia nela.

3. Aos xuíces e maxistrados en situación de servizos especiais polo desempeño en réxime de adscrición temporal do posto de letrado do Tribunal Constitucional, do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos ou do Tribunal de Xustiza da Unión Europea teránselles en conta os servizos prestados neles, para efectos de

promoción e de provisión de prazas, como se fosen efectivamente prestados na orde xurisdiccional da praza que ocupen ao pasar a esa situación ou a que puideren obter durante a súa permanencia nela.»

Vinte. Modifícase o número 1 do artigo 371, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os xuíces e maxistrados terán dereito a desfrutar, durante cada ano natural, dunhas vacacións retribuídas de vinte e dous días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor. Para os efectos previstos neste artigo, non se considerarán como hábiles os sábados. Así mesmo, terán dereito a un día hábil adicional ao facer quince anos de servizo; engadirase un día hábil máis ao facer os vinte, vinte e cinco e trinta anos de servizo, respectivamente, ata un total de vinte e seis días hábiles por ano natural.»

Vinte e un. Suprímese o número 8 e modifícanse os números 2, 4, 6 e 7 do artigo 373, que quedan redactados da seguinte forma:

«2. Tamén terán dereito a unha licenza en caso de parto, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción, cuxa duración e condicións se regularán pola lexislación xeral nesta materia. O Consello Xeral do Poder Xudicial, mediante regulamento, adaptará a dita normativa ás particularidades da carreira xudicial. Nos supostos de adopción internacional, cando sexa necesario o desprazamento previo dos pais ao país de orixe do adoptado, o permiso previsto neste artigo poderase iniciar ata catro semanas antes da resolución pola cal se constituía a adopción.»

«4. Tamén poderán desfrutar de permisos de tres días, sen que poidan exceder seis permisos no ano natural, nin un ao mes. Os tres días poderanse desfrutar, separada ou acumuladamente, sempre dentro do mesmo mes.

Para a súa concesión, o petionario deberá xustificar a necesidade aos superiores respectivos, dos cales deberá obter autorización, que a poderán denegar cando coincidan con sinalamentos, vistas ou deliberacións salvo que se xustifique que a petición obedece a unha causa imprevista ou de urxencia.»

«6. Polo nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción, os xuíces e maxistrados terán dereito a un permiso de paternidade de catro semanas de duración, que desfrutará o pai ou o outro proxenitor a partir da data do nacemento, da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou acollemento, ou da resolución xudicial pola cal se constituía a adopción.

Este permiso é independente do desfrute compartido da licenza en caso de parto, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción prevista no número 2.»

«7. Os xuíces e maxistrados dispoñerán, polo menos, de todos os dereitos establecidos para os membros da Administración xeral do Estado e que supoñan unha mellora en materia de conciliación, permisos, licenzas e calquera outro dereito recoñecido no dito ámbito. O Consello Xeral do Poder Xudicial terá a obrigaición de adaptar de maneira inmediata, mediante acordo do Pleno, calquera modificación que, cumprindo eses requisitos, se produza no dito réxime. Todo isto sen prexuízo e independentemente das particularidades propias do estatuto profesional de xuíces e maxistrados, así como da promoción de melloras propias polas vías correspondentes.»

Vinte e dous. Modifícase o número 3 do artigo 403, que queda redactado da seguinte forma:

«3. As retribucións fixas, que se descompoñerán en básicas e complementarias, remunerarán a categoría e antigüidade na carreira xudicial de cada un dos seus membros, así como as características obxectivas das prazas que ocupen.

Son retribucións básicas o soldo e a antigüidade. Son retribucións complementarias o complemento de destino, o complemento específico e o complemento de carreira profesional.»

Vinte e tres. Modifícase o número 6 do artigo 425, que queda redactado da seguinte forma:

«6. A duración do procedemento sancionador non excederá un ano.»

Vinte e catro. Modifícase o número 4 do artigo 435, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Os postos de traballo da oficina xudicial só poderán ser cubertos por persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, e ordenaranse de acordo co establecido nas relacións de postos de traballo.

Os funcionarios que prestan os seus servizos nas oficinas xudiciais, coa excepción dos letrados da Administración de xustiza, sen prexuízo da súa dependencia funcional, dependen organicamente do Ministerio de Xustiza ou das comunidades autónomas con competencias asumidas nos seus respectivos ámbitos.»

Vinte e cinco. Modifícase o número 2 do artigo 437, que queda redactado da seguinte forma:

«2. Existirán tantas unidades procesuais de apoio directo como xulgados ou, de ser o caso, salas ou seccións de tribunais estean creados e en funcionamento, integrando xunto cos seus titulares o respectivo órgano xudicial.

Non obstante, cando as circunstancias de volume de traballo o xustifiquen, o Ministerio de Xustiza, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e das comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza, poderá acordar que unha unidade procesual de apoio directo preste servizo a varios órganos unipersoais da mesma orde xurisdiccional e, dentro dela, por especialidades, conformando os xuíces da mesma orde ou especialidade unha sección, presidida polo máis antigo, quen terá as mesmas competencias que os presidentes de sección de órganos colexiados.»

Vinte e seis. Suprímese o número 4 do artigo 439.

Vinte e sete. Engádese unha nova letra e) ao número 3 do artigo 447, que queda co texto como segue:

«e) O complemento de carreira profesional, destinado a retribuír a progresión alcanzada pola persoa funcionaria dentro do sistema de carreira horizontal.»

Vinte e oito. Modifícase o número 2 do artigo 461, que queda redactado da seguinte forma:

«2. A estatística xudicial constitúe un instrumento básico ao servizo das administracións públicas e do Consello Xeral do Poder Xudicial para a planificación, o desenvolvemento e a execución das políticas públicas relativas á Administración de xustiza e, en particular, para as seguintes finalidades:

- a) O exercicio da política legislativa do Estado en materia de xustiza.
- b) A modernización da organización xudicial.
- c) A planificación e xestión dos recursos humanos e medios materiais ao servizo da Administración de xustiza.
- d) O exercicio da función de inspección sobre os xulgados e tribunais.

A estatística xudicial asegurará, no marco dun plan de transparencia, que as Cortes Xerais, o Goberno, as comunidades autónomas, o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Fiscalía Xeral do Estado dispoñan permanentemente e en condicións de igualdade de información actualizada, rigorosa e debidamente contrastada sobre a actividade e carga de traballo de todos os órganos, servizos e oficinas xudiciais de

España, así como sobre as características estatísticas dos asuntos sometidos ao seu coñecemento. Os cidadáns terán pleno acceso á estatística xudicial, mediante a utilización de medios electrónicos, na forma que regulamentariamente se estableza.»

Vinte e nove. Modifícase o número 1 do artigo 464, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Habrá un secretario de goberno no Tribunal Supremo, na Audiencia Nacional e en cada tribunal superior de xustiza, así como nas cidades de Ceuta e Melilla, elixido entre membros integrantes do corpo de letrados da Administración de xustiza que, como mínimo, prestasen servizo durante dez anos en postos de segunda categoría, o cal exercerá, ademais, as funcións de secretario da sala de goberno do respectivo tribunal.»

Trinta. Modifícase o número 1 do artigo 466, que queda redactado da seguinte forma:

«1. En cada provincia existirá un secretario coordinador, nomeado polo Ministerio de Xustiza polo procedemento de libre designación, por proposta do secretario de goberno, de acordo coas comunidades autónomas con competencias asumidas, elixido entre membros integrantes do corpo de letrados da Administración de xustiza que leven polo menos dez anos no corpo e, como mínimo, estivesen cinco anos en postos de segunda categoría.

Antes do nomeamento oírase o Consello do Secretariado sobre o candidato que debe ser nomeado polo Ministerio de Xustiza.

Ademais, na Comunidade Autónoma de Illes Balears habrá un secretario coordinador nas illas de Menorca e Eivissa, e na Comunidade Autónoma de Canarias, outro nas illas de Lanzarote e de La Palma.

Nas comunidades autónomas uniprovinciais, as funcións do secretario coordinador serán asumidas polo secretario de goberno, salvo naquelas que, por razón do servizo, sexa aconsellable a súa existencia.

Non se poderá ocupar máis de dez anos o mesmo posto de secretario coordinador.»

Trinta e un. Modifícase o artigo 481, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 481.

1. No Ministerio de Xustiza existirá un rexistro central de persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza no cal se inscribirá todo o persoal funcionario dos corpos ao servizo da Administración de xustiza e no cal se anotarán preceptivamente todos os actos que afecten a súa vida administrativa.

Este rexistro central incluírá a información relativa aos postos de traballo correspondentes á Administración de xustiza, á súa situación, á ocupación e á evolución.

2. As comunidades autónomas poderán establecer nos seus ámbitos territoriais rexistros respecto do persoal ao servizo da Administración de xustiza que preste servizos neles.

3. O Ministerio de Xustiza aprobará as normas que determinarán a información que deberá figurar no Rexistro Central de Persoal e as cautelas que se deban establecer para garantir a confidencialidade dos datos nos termos que estableza a lexislación vixente.

Para a actualización de datos nos rexistros, o Ministerio de Xustiza, coa colaboración das comunidades autónomas con competencias asumidas, establecerá os procedementos e os instrumentos de cooperación necesarios que garantan, por unha parte, a inmediata anotación dos datos de todo o persoal, con independencia do lugar de prestación de servizos e, por outra, a anotación das creacións,

modificacións ou estados de ocupación actual e histórica dos postos de traballo asignados á Administración de xustiza.

4. Todo o persoal terá libre acceso ao seu expediente individual, no cal en ningún caso figurará ningún dato relativo á súa raza, relixión ou opinión nin a calquera outra circunstancia persoal ou social que non sexa relevante para o seu traballo.

5. Os funcionarios de carreira da Administración de xustiza figurarán no escalafón por orde de ingreso no corpo con mención de, polo menos, os seguintes datos:

- a) Documento nacional de identidade.
- b) Nome e apelidos.
- c) Tempo de servizos no corpo.»

Trinta e dous. Modifícase o número 3 do artigo 482, que queda redactado da seguinte forma:

«3. O Ministerio de Xustiza elaborará a oferta de emprego público integrando as necesidades de recursos determinadas polas comunidades autónomas coas existentes no resto do territorio do Estado que non fose obxecto de traspaso e presentaraa ao Ministerio de Facenda e Función Pública, que a elevará ao Goberno para a súa aprobación.»

Trinta e tres. Modifícase o número 5 do artigo 483, que queda redactado da seguinte forma:

«5. Nas convocatorias, o Ministerio de Xustiza determinará o número de vacantes e o ámbito territorial polo cal se ofertan.

Así mesmo, cando o número de prazas ou o mellor desenvolvemento dos procesos selectivos o aconselle, o Ministerio de Xustiza poderá agrupar as vacantes correspondentes a un ou varios territorios.

Os aspirantes poderán solicitar exclusivamente a súa participación por un dos ámbitos territoriais que se expresen na convocatoria.

En ningún caso se poderá declarar superado o proceso selectivo en cada ámbito para un número maior de aspirantes que o de prazas obxecto da convocatoria. Os aspirantes que superasen o proceso selectivo obterán destino nalgunha das vacantes radicadas no mesmo territorio polo cal solicitasen a súa participación.

No caso de que quedasen prazas sen cubrir nalgún dos territorios, o Ministerio de Xustiza poderá convocar unha proba selectiva adicional coas ditas prazas, á cal só poderán concorrer os aspirantes que realizasen o último exercicio do proceso anterior.»

Trinta e catro. Dáselle unha nova redacción ao artigo 484, nos seguintes termos:

«Artigo 484.

O acceso aos corpos xerais e especiais da Administración de xustiza efectuarase a través dos sistemas e nos termos establecidos no texto refundido do Estatuto básico do emprego público.»

Trinta e cinco. Modifícase o número 3 do artigo 488, que queda redactado da seguinte forma:

«3. A adxudicación de postos de traballo aos funcionarios de novo ingreso efectuarase de acordo coas súas peticións entre os postos ofertados a eles, segundo a orde obtida no proceso selectivo.

Os destinos adxudicados terán carácter definitivo equivalente, para todos os efectos, aos obtidos por concurso.

Os postos de traballo que se lles oferten aos funcionarios de novo ingreso deberán ter sido obxecto de concurso de traslado previo entre aqueles que xa tiñan a condición de funcionario.»

Trinta e seis. Modifícase o artigo 489, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 489.

1. O Ministerio de Xustiza ou, de ser o caso, os órganos competentes das comunidades autónomas que recibisen os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza poderán nomear funcionarios interinos por necesidades do servizo, cando non sexa posible, coa urxencia exixida polas circunstancias, a prestación por funcionario de carreira e sempre que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.
- b) A substitución transitoria dos titulares.
- c) O exceso ou a acumulación de asuntos nos órganos xudiciais.

A selección de funcionarios interinos deberase realizar de acordo cos criterios obxectivos que se fixen na orde ministerial ou, de ser o caso, na disposición da comunidade autónoma que recibise os traspasos de medios persoais para o funcionamento da Administración de xustiza, mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2. Os nomeados deberán reunir os requisitos e a titulación necesarios para o ingreso no corpo; tomarán posesión no prazo que regulamentariamente se estableza e terán os mesmos dereitos e deberes que os funcionarios, salvo a fixeza no posto de traballo, e as mesmas retribucións básicas e complementarias.

Recoñeceranse os trienios correspondentes aos servizos prestados, que terán efectos retributivos conforme o establecido na normativa vixente para os funcionarios da Administración xeral do Estado. Este recoñecemento efectuarase logo de solicitude do interesado.

3. Serán cesados segundo os termos que estableza a orde ministerial ou, de ser o caso, a disposición da comunidade autónoma e, en todo caso, cando se provexa a vacante, se incorpore o seu titular, desaparezan as razóns de urxencia ou se cumpra o período máximo establecido no número 1.c).

4. Periodicamente, a Administración competente, logo de negociación coas organizacións sindicais, analizará a conveniencia ou non de prorrogar o reforzo comprobando que aínda persiste o exceso ou acumulación de asuntos pendentes. Ao cabo de tres anos desde o nomeamento, propoñerase a súa conversión nas relacións de postos de traballo como incremento de cadro de persoal se se constata que a necesidade de persoal ten carácter estrutural.»

Trinta e sete. Introdúcese un novo capítulo II bis dentro do título II do libro VI, cun único novo artigo 489 bis, nos seguintes termos:

«CAPÍTULO II BIS

Da cooperación e coordinación na Administración de xustiza

Artigo 489 bis.

1. A Conferencia Sectorial de Administración de Xustiza, como órgano de cooperación entre a Administración xeral do Estado e as administracións das comunidades autónomas con competencias asumidas en materia de provisión de medios materiais, económicos e persoais necesarios para a Administración de xustiza, atenderá, no seu funcionamento e organización, ao establecido na vixente lexislación sobre réxime xurídico das administracións públicas.

2. Créase a Comisión de Recursos Humanos da Administración de Xustiza como órgano técnico e de traballo dependente da Conferencia Sectorial da Administración de Xustiza. Nesta comisión farase efectiva a cooperación da política de persoal entre o Ministerio de Xustiza e as administracións das comunidades autónomas con competencias asumidas e, en concreto, correspóndelle:

a) Impulsar as actuacións necesarias para garantir a efectividade dos principios constitucionais no acceso ao emprego público, así como a súa integridade e coherencia, no conxunto das necesidades da Administración de xustiza.

b) Emitir informe sobre calquera proxecto normativo que as administracións públicas lle presenten.

c) Elaborar estudos e informes sobre emprego público na Administración de xustiza.

d) Calquera outra función de consulta ou participación que regulamentariamente lle poida ser atribuída.

3. Compoñen a Comisión de Recursos Humanos da Administración de Xustiza os titulares daqueles órganos directivos con competencia en materia de recursos humanos da Administración xeral do Estado e das administracións das comunidades autónomas con competencias asumidas en materia de xustiza.

4. A Comisión de Recursos Humanos da Administración de Xustiza elaborará as súas propias normas de organización e funcionamento no marco do previsto nesta lei orgánica e no seu desenvolvemento regulamentario.»

Trinta e oito. Modifícase o artigo 490, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 490.

1. Garántese a promoción interna, mediante o ascenso desde un corpo para cuxo ingreso se exixiu determinada titulación a outro corpo para cuxo acceso se exige a titulación inmediata superior ou, no caso dos corpos especiais, mediante a posibilidade de acceder ás diferentes especialidades dun mesmo corpo.

2. Ademais das prazas que se inclúan para a incorporación de novo persoal de conformidade co previsto no artigo 482, o Ministerio de Xustiza convocará anualmente procesos de promoción interna para a cobertura dun número de prazas equivalente ao trinta por cento das que, para cada corpo, sexan obxecto da oferta de emprego público.

Con independencia do sinalado no parágrafo anterior, o Ministerio de Xustiza, con carácter extraordinario e logo de autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, poderá convocar procesos de promoción interna específicos cando as circunstancias na Administración de xustiza o aconsellen.

En ambos os casos, as prazas convocadas pola quenda de promoción interna que non resulten cubertas non se poderán engadir en ningún caso ás convocadas por quenda libre nin incorporarse á oferta de emprego público.

3. A promoción interna efectuarase mediante o sistema de concurso-oposición, nos termos que se establezan no real decreto polo que se aprobe o regulamento de ingreso, provisión de postos e promoción profesional. En todo caso, respectaranse os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

4. A promoción interna para o acceso a diferente especialidade do mesmo corpo terá lugar entre funcionarios que desempeñen actividades substancialmente coincidentes ou análogas no seu contido profesional e no seu nivel técnico.

5. En todo caso, os funcionarios deberán posuír a titulación académica requirida para o acceso aos corpos ou especialidades de que se trate, ter unha antigüidade de polo menos dous anos no corpo a que pertencen e reunir os requisitos e superar as probas que se establezan. As ditas probas poderanse levar a cabo en convocatoria independente das de ingreso xeral.

Os funcionarios que accedan por promoción interna terán, en todo caso, preferencia para a ocupación dos postos de traballo vacantes ofertados sobre os aspirantes que non procedan desta quenda.

As convocatorias poderán establecer a exención das probas encamiñadas a acreditar os coñecementos xa exixidos para o acceso ao corpo de orixe e poderanse valorar os cursos e programas de formación superados.

6. Os funcionarios do corpo de técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses poderán acceder mediante promoción interna ao corpo de facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, sempre que reúnan os requisitos para iso.»

Trinta e nove. Modifícase o número 1 do artigo 503, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Por causas xustificadas, os funcionarios terán dereito a iguais permisos e coa mesma extensión que os establecidos na normativa vixente aplicable aos funcionarios da Administración xeral do Estado, con excepción do permiso por asuntos particulares que terá unha duración de nove días, os cales non se poderán acumular en ningún caso ás vacacións anuais retribuídas.»

Corenta. Modifícase o número 5 do artigo 504, que queda redactado da seguinte forma:

«5. A enfermidade ou accidente que impida o normal desempeño das funcións dará lugar a licenzas por enfermidade.

Sen prexuízo da obrigaçión de comunicar, na forma que regulamentariamente se determine, a imposibilidade de asistencia ao traballo por razón de enfermidade durante a xornada laboral do día en que esta se produza, os funcionarios deberán solicitar da autoridade competente licenza por enfermidade no cuarto día consecutivo a aquel en que se produciu a ausencia do posto de traballo.

A licenza inicial concederáse polo tempo que o facultativo consideráse como previsible para a curación e, en ningún caso, por período superior a quince días. Se o estado de enfermidade persiste, a licenza inicial prorrogarase automaticamente na forma que determine a autoridade competente para a súa concesión, e quedará sen efecto se con anterioridade se produce a curación.

Tanto a licenza inicial como as prórrogas se concederán logo de presentación do parte de baixa ou certificación médica que acredite a certeza da enfermidade e a imposibilidade de asistir ao traballo.

Concederáse licenzas por enfermidade derivadas dun mesmo proceso patolóxico, ata un máximo de doce meses prorrogables por outros seis, cando se presuma que durante eles poida o traballador ser dado de alta médica por curación. Transcorridos os ditos prazos, prorrogaranse as licenzas ata o momento da declaración da xubilación por incapacidade permanente ou da alta médica sen que, en ningún caso, poidan exceder os trinta meses desde a data da solicitude da licenza inicial.

Para estes efectos, entenderáse que existe nova licenza por enfermidade cando o proceso patolóxico sexa diferente e, en todo caso, cando as licenzas se interrompesen durante un mínimo dun ano.

As licenzas por enfermidade darán lugar á plenitude de dereitos económicos durante os seis primeiros meses desde a data en que se solicitou a licenza inicial, sempre que estas deriven do mesmo proceso patolóxico e de forma continuada ou cunha interrupción de ata un mes.

A partir do día cento oitenta e un será de aplicación o subsidio establecido no número 1.B) do artigo 20 do Real decreto lexislativo 3/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes sobre o réxime especial de Seguridade Social do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

En ningún caso os funcionarios adscritos aos réximes especiais de seguridade social xestionados polo mutualismo administrativo poderán percibir unha cantidade inferior en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns á que corresponda aos funcionarios adscritos ao réxime xeral da Seguridade Social, incluídos, de ser o caso, os complementos que lles resulten de aplicación a estes últimos.

Durante o tempo de duración da licenza por enfermidade aplicarase ao persoal funcionario calquera incremento retributivo, incluído o aboamento do perfeccionamento dos trienios, que lle podería corresponder se non se encontrase nesa situación de incapacidade temporal.

En calquera caso, o responsable de persoal poderá solicitar unicamente da correspondente inspección médica a revisión dun proceso para determinar que as causas que orixinaron a concesión da licenza continúan subsistindo.»

Corenta e un. Engádesse unha nova letra c) no ordinal 1.º da epígrafe B) do artigo 516, coa seguinte redacción:

«c) O complemento de carreira profesional.»

Corenta e dous. Introdúcese un novo número 3 no artigo 519, e corre a numeración dos actuais números 3 e seguintes:

«3. Mediante real decreto, logo de negociación coas organizacións sindicais, estableceranse os criterios, os requisitos e as contías iniciais do complemento de carreira profesional, que será igual para todos os corpos con independencia de onde presten os seus servizos.

4. A contía individualizada do complemento específico fixaraa o Ministerio de Xustiza ou o órgano competente da comunidade autónoma, logo de negociación coas organizacións sindicais nos seus respectivos ámbitos, ao elaborar as relacións de postos de traballo en función da valoración das súas condicións particulares. Todos os postos de traballo terán asignado un complemento específico. En ningún caso se poderá asignar máis dun complemento específico a un posto de traballo.

5. Corresponde ao Ministerio de Xustiza ou ao órgano competente da comunidade autónoma, nos seus respectivos ámbitos, a concreción individual das contías do complemento de produtividade e a determinación dos funcionarios con dereito á súa percepción, de acordo cos criterios de distribución que se establezan para os diferentes programas e obxectivos. As citadas autoridades establecerán fórmulas de participación dos representantes sindicais na súa determinación concreta e o control formal da asignación.

6. O Ministerio de Xustiza e o órgano competente das comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos, procederán á asignación individual das contías das gratificacións e á determinación dos criterios para a súa percepción.»

Corenta e tres. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 522, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. O Ministerio de Xustiza elaborará e aprobará, logo de negociación coas organizacións sindicais máis representativas, as relacións de postos de traballo en que se ordenen os postos das oficinas xudiciais correspondentes ao seu ámbito de actuación.

Así mesmo, será competente para a ordenación dos postos de traballo das oficinas xudiciais asignados ao corpo de letrados da Administración de xustiza en todo o territorio do Estado, logo de negociación coas organizacións sindicais máis representativas.

2. As comunidades autónomas con competencias asumidas, logo de negociación coas organizacións sindicais, aprobarán inicialmente as relacións de postos de traballo das oficinas xudiciais dos seus respectivos ámbitos territoriais. A

aprobación definitiva corresponderá ao Ministerio de Xustiza, que só a poderá denegar por razóns de legalidade.»

Corenta e catro. No artigo 560 suprímese o número 3 e no número 1 modifícase o actual ordinal 10.º, suprímese a letra l) do ordinal 16.º e engádesse un novo ordinal 24.º; o actual 24.º pasa a ser o 25.º nos seguintes termos:

«10.ª Coidar da publicación oficial das sentenzas e demais resolucións que se determinen do Tribunal Supremo e do resto de órganos xudiciais.

Para tal efecto, o Consello Xeral do Poder Xudicial, logo de informe das administracións competentes, establecerá regulamentariamente o modo en que se realizará a recompilación das sentenzas, o seu tratamento, difusión e certificación, para velar pola súa integridade, autenticidade e acceso, así como para asegurar o cumprimento da lexislación en materia de protección de datos persoais.»

«24.ª A recompilación e actualización dos principios de ética xudicial e a súa divulgación, así como a súa promoción con outras entidades e organizacións xudiciais, nacionais ou internacionais.

O asesoramento especializado aos xuíces e maxistrados en materia de conflitos de intereses, así como nas demais materias relacionadas coa integridade.

O Consello Xeral do Poder Xudicial asegurárase de que a Comisión de Ética Xudicial que para tal efecto se constituía estea dotada dos recursos e medios adecuados para o cumprimento dos seus obxectivos.»

Corenta e cinco. Modifícase o ordinal 3.º do número 1 do artigo 561, que queda redactado da seguinte forma:

«3.ª Fixación e modificación do cadro de persoal orgánico de xuíces e maxistrados.»

Corenta e seis. Modifícase o número 2 e engádense un número 4 e un número 5 ao artigo 563 nos seguintes termos:

«2. Na dita memoria incluíranse tamén uns capítulos respecto aos seguintes ámbitos:

- a) Actividade do presidente e dos vogais do Consello con gasto detallado.
- b) Impacto de xénero no ámbito xudicial.
- c) Informe sobre o uso das linguas cooficiais na xustiza e, en particular, por parte dos xuíces e maxistrados en exercicio das súas funcións.»

«4. Para contribuír a un mellor coñecemento do estado da xustiza, con datos actualizados, o presidente, ademais do previsto nos puntos anteriores en relación coa memoria, comparecerá anualmente na Comisión de Xustiza do Congreso dos Deputados para informar sobre os aspectos máis relevantes do estado da xustiza en España, no marco das súas competencias.

5. Excepcionalmente, o Congreso poderá solicitar informe con comparecencia ante a Comisión de Xustiza dun vogal, por razón das funcións que lle foron encomendadas, logo de solicitude motivada, polo menos, de dous grupos parlamentarios, e que deberá ser autorizada pola Mesa do Congreso.»

Corenta e sete. Modifícase o artigo 564, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 564.

Fóra dos supostos previstos no artigo anterior, sobre o presidente do Tribunal Supremo e os vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial non recaerá ningún deber de comparecer ante as cámaras por razón das súas funcións.»

Corenta e oito. Modifícase o número 1 do artigo 567, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os vinte vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial serán designados polas Cortes Xerais do modo establecido na Constitución e nesta lei orgánica, atendendo ao principio de presenza paritaria entre homes e mulleres.»

Corenta e nove. Modifícase o artigo 579, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 579.

1. Os vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial desenvolverán a súa actividade con dedicación exclusiva e o seu cargo será incompatible con calquera outro posto, profesión ou actividade, públicos ou privados, por conta propia ou allea, retribuídos ou non, coa excepción da mera administración do patrimonio persoal ou familiar. Seranlles de aplicación, ademais, as incompatibilidades específicas dos xuíces e maxistrados enunciadas expresamente no artigo 389.

2. A situación administrativa para os que sexan funcionarios públicos, tanto xudiciais coma non xudiciais, será a de servizos especiais.

3. Non se poderá compatibilizar o cargo de vogal co desempeño simultáneo doutras responsabilidades gobernativas no ámbito xudicial. En caso de concorrencia e mentres se desempeña o cargo de vogal, estas responsabilidades serán asumidas por quen deba substituír o interesado segundo a lexislación vixente.

4. Os vogais terán a obrigaçión de asistir, salvo causa xustificada, a todas as sesións do Pleno e da Comisión de que formen parte.

5. O presidente, os vogais e o secretario xeral do Consello Xeral do Poder Xudicial están suxeitos ao deber de efectuar unha declaración de bens e dereitos e ao control e xestión de activos financeiros dos cales sexan titulares nos termos previstos nos artigos 17 e 18 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, coas adaptacións que sexan precisas á organización do Consello, que se establecerán no seu Regulamento de organización e funcionamento.»

Cincuenta. Suprímese o número 1 do artigo 580.

Cincuenta e un. Modifícase o artigo 584 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 584 bis.

Os membros do Consello Xeral do Poder Xudicial percibirán a retribución que se fixe como única e exclusiva en atención á importancia da súa función na Lei de orzamentos xerais do Estado.»

Cincuenta e dous. Modifícase o número 3 do artigo 586, que queda redactado como segue:

«3. A elección terá lugar nunha sesión que se celebrará entre tres e sete días máis tarde e será elixido quen en votación nominal obteña o apoio da maioría de tres quintos dos membros do Pleno.»

Cincuenta e tres. Modifícase o artigo 599, que queda redactado da seguinte forma:

«1. O Pleno coñecerá das seguintes materias:

1.^a Da proposta de nomeamento, por maioría de tres quintos, dos dous maxistrados do Tribunal Constitucional cuxa designación corresponde ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

2.^a Da proposta de nomeamento, nos termos previstos por esta lei orgánica, do presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, así como da emisión do informe previo sobre o nomeamento do fiscal xeral do Estado.

3.^a Do nomeamento, nos termos previstos por esta lei orgánica, do vicepresidente do Tribunal Supremo, do secretario xeral e do vicesecretario xeral do Consello Xeral do Poder Xudicial.

4.^a De todos os nomeamentos ou propostas de nomeamentos e promocións que impliquen algunha marxe de discrecionalidade ou apreciación de méritos.

5.^a Da interposición do conflito de atribucións entre órganos constitucionais do Estado.

6.^a Da elección e do nomeamento dos vogais compoñentes das diferentes comisións.

7.^a Do exercicio da potestade regulamentaria nos termos previstos nesta lei.

8.^a Da aprobación do orzamento do Consello Xeral do Poder Xudicial e da recepción da rendición de contas da súa execución.

9.^a Da aprobación da memoria anual.

10.^a Da resolución daqueles expedientes disciplinarios en que a proposta de sanción consista na separación da carreira xudicial.

11.^a Da resolución dos recursos de alzada interpostos contra os acordos sancionadores da Comisión Disciplinaria e os que se interpoñan contra os da Comisión Permanente.

12.^a Da aprobación dos informes sobre os anteproxectos de lei ou de disposicións xerais que sometan ao seu ditame o Goberno ou as cámaras legislativas e as comunidades autónomas.

13.^a Das demais que lle atribúe esta lei, das que non estean conferidas a outros órganos do Consello e daqueles asuntos que, por razóns excepcionais, acorde demandar para si.

2. O Pleno designará un máximo de dous vogais por cada comunidade autónoma para que, sen prexuízo das competencias dos respectivos tribunais superiores de xustiza, sirvan de canle de interlocución entre as institucións e autoridades do territorio e o Consello Xeral do Poder Xudicial.»

Cincuenta e catro. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 601, que quedan redactados como segue:

«1. O Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial elixirá anualmente os vogais da Comisión Permanente.

2. A Comisión Permanente estará composta polo presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial, que a presidirá, e por outros sete vogais: catro dos nomeados pola quenda xudicial e tres dos designados pola quenda de xuristas de recoñecida competencia. Os vogais de ambas as quendas renovaranse anualmente co fin de que, salvo renuncia expresa, todos os vogais formen parte daquela, polo menos durante un ano, ao longo do mandato do Consello.»

Cincuenta e cinco. Modifícase o artigo 602, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 602.

1. Á Comisión Permanente compételle:

a) Preparar as sesións do Pleno de conformidade co plan de traballo e coas directrices que este estableza.

b) Velar pola exacta execución dos acordos do Pleno do Consello.

c) Decidir aqueles nomeamentos de xuíces e maxistrados que, por teren carácter integramente regrado, non sexan da competencia do Pleno, e acordar a xubilación forzosa pola súa idade e resolver sobre a súa situación administrativa.

d) Informar, en todo caso, sobre os nomeamentos de xuíces e maxistrados da competencia do Pleno, que se deberán fundar en criterios obxectivos e suficientemente valorados e detallados. Para a adecuada formación dos criterios de

cualificación dos xuíces e maxistrados, a Comisión poderá demandar información dos distintos órganos do poder xudicial.

e) Resolver sobre a concesión de licenzas aos xuíces e maxistrados, nos casos previstos pola lei.

f) Preparar os informes sobre os anteproxectos de lei ou disposicións xerais que se deban someter á aprobación do Pleno.

g) Autorizar o escalafón da carreira xudicial.

h) Exercer cantas competencias lle sexan delegadas polo Pleno ou lle foren atribuídas pola lei.

2. Os acordos da Comisión Permanente son impugnables en alzada ante o Pleno.»

Cincuenta e seis. Modifícase o número 1 do artigo 630, que queda redactado como segue:

«1. Os acordos dos órganos Colexiados do Consello Xeral do Poder Xudicial serán adoptados por maioría absoluta dos membros presentes, salvo cando esta lei orgánica dispoña outra cousa ou cando se trate do nomeamento de presidentes de sala e maxistrados do Tribunal Supremo, presidente da Audiencia Nacional e presidentes dos tribunais superiores de xustiza, caso en que se requirirá unha maioría de tres quintos dos membros presentes. Quen preside terá voto de calidade en caso de empate.»

Cincuenta e sete. Introdúcese unha nova disposición adicional vixésimo segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo segunda. *Reserva de prazas.*

Para os efectos da reserva de prazas no Tribunal Supremo nas ordes xurisdiccionais civil e penal, prevista no artigo 344.a), os maxistrados que prestasen vinte anos de servizos na carreira e en órganos da orde xurisdiccional propia da sala de que se trate equipararanse aos que superasen as probas de selección na orde xurisdiccional correspondente.

Para a cobertura daquelas prazas en órganos Colexiados das ordes xurisdiccionais civil e penal para as cales esta lei lle atribúe á especialización o carácter de mérito preferente, os maxistrados que prestasen vinte anos de servizos na categoría e en órganos da orde xurisdiccional propia da praza que se vai cubrir terán a consideración de especialistas na orde correspondente, salvo no relativo á especialización mercantil. A superación das probas de especialización nas ordes civil e penal por parte dos membros da carreira xudicial coa categoría de maxistrados, cuxos efectos xurídicos decaeron pola anulación por parte do Tribunal Supremo do artigo 24.4 do Regulamento 2/2011, da carreira xudicial, será apreciada como mérito.»

Cincuenta e oito. Introdúcese unha nova disposición transitoria cuadraxésimo segunda, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria cuadraxésimo segunda. *Seccións e subseccións.*

Mentres non se complete o proceso de implantación da nova oficina xudicial, cando as circunstancias de volume de traballo e as necesidades do servizo o aconsellen, o Ministerio de Xustiza, logo de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e oídas as comunidades autónomas con competencias en materia de xustiza, poderá establecer que un xulgado sexa servido por dous ou máis xuíces ou maxistrados titulares en idénticas condicións, así como a integración de dous ou máis xulgados da mesma orde xurisdiccional nunha mesma sección, que recibirá a denominación da orde xurisdiccional. No seo de cada unha poderase dispoñer a

constitución de subseccións para atender materias específicas, presidida, para efectos organizativos internos dos xuíces da sección, polo máis antigo, quen terá as mesmas competencias que os presidentes de sección de órganos colexiados. Nestes supostos, os xuíces ou maxistrados que compoñan a sección poderán acordar repartir os asuntos por número ou por materias.

Cando se faga uso desta facultade, a sala de goberno respectiva resolverá as cuestións que poida suscitar o funcionamento das seccións, sen prexuízo da facultade de uniformización que por vía regulamentaria poida exercer o Consello Xeral do Poder Xudicial, así como do control de legalidade que lle corresponda efectuar ao dito órgano.»

Disposición transitoria primeira. *Limitación de mandatos.*

Aqueles que, no momento de entrada en vigor desta lei se encontraren ocupando algunha das prazas previstas nos artigos 333.1, 335.2, 336.1 ou 337 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, no seu segundo mandato, poderán, con carácter excepcional, ser reelixidos por unha soa vez e por un período de cinco anos.

Disposición transitoria segunda. *Desfrute de días de permiso dos anos 2017 e 2018.*

O persoal a que se refire o artigo 503 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, poderá desfrutar excepcionalmente, tras a entrada en vigor desta lei, de tres días adicionais de permiso por asuntos particulares correspondentes ao ano 2017.

Tanto os tres días adicionais correspondentes a 2017 como os correspondentes a 2018 poderán desfrutarse en 2019. En ningún caso os tres días de cada ano poderán acumularse entre si, nin aos que correspondan a 2019 ou ás vacacións anuais retribuídas.

Estes días adicionais serán concedidos pola Administración competente en materia de persoal atendendo, en todo caso, a que as necesidades do servizo queden cubertas.

Disposición transitoria terceira. *Consello Xeral do Poder Xudicial.*

Os números corenta e seis (artigo 563.4 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial), corenta e oito (artigo 567.1), corenta e nove (artigo 579), cincuenta (artigo 580) e cincuenta e tres a cincuenta e cinco (artigos 599, 601.1 e 2 e 602) do artigo único non serán de aplicación ata a constitución do primeiro Consello Xeral do Poder Xudicial que o faga tras a entrada en vigor desta lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción dos números vinte (artigo 371.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial), vinte e un (artigo 373, números 2, 4, 6 e 7) e trinta e nove (artigo 503.1) do artigo único, e as disposicións transitorias segunda e terceira, que entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación desta lei no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 28 de decembro de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN